



Xoves 30 de abril, ás 20.30 h

Asociación Cultural Anaqueronte. Perú

Los muchachos olvidados de Dios

De Javier Valencia Palomino

Elenco

Manuel Guerrero

Lady Gayoso

Dirección: Javier Valencia Palomino

Sinopse

Los muchachos olvidados de Dios está inspirada nos testemuños dos conflitos internos de Perú, das décadas de 1980 a 2000, onde se contan as historias de varios deles, atrapados entre as forzas da orde por un lado e os grupos terroristas polo outro.

Trátanse estes casos esquecidos e ocultos, moitos dos cales aínda non recibiron xustiza do estado peruano, nin as súas demandas foron escoitadas. Por iso, dámoslles voz e sentimentos a través dunha creación dramática chea de metáforas poéticas e físicas.

É unha obra que transforma a memoria nun acto poético; os intérpretes non representan, senón que presentan.

A 17ª edición da Mostra Internacional de Teatro Universitario (MITEU) volve converter o campus de Pontevedra da Universidade de Vigo nun espazo de encontro, creación e diálogo escénico.

Compañías universitarias de distintos países dan vida a unha programación diversa que aposta pola innovación, a reflexión crítica e o intercambio cultural, reafirmando o teatro como unha linguaxe esencial para pensar o mundo contemporáneo dende a universidade.

Mostra Internacional de Teatro Universitario · 2026

17 MITEU PONTEVEDRA

Entrada de balde

Tartufo

Grupo de Teatro do Campus de Pontevedra
22 de abril

Perpétuo Paredes

CITAC, TEUC, DG/AAC, Portugal
23 de abril

Macbett


Aula de Teatro do Campus de Vigo
28 de abril

Insurrección

Aula de Teatro do Campus de Ourense
29 de abril


Los muchachos olvidados de Dios

Asociación Cultural Anaqueronte, Perú
30 de abril



Abril 2026
20.30 h

Pazo da Cultura de Pontevedra



Mércores 22 de abril, ás 20.30 h

Grupo de Teatro do Campus de Pontevedra, UVigo. Galicia

Tartufo

De Jean-Baptiste Poquelin «Molière»

Traducido por Henrique Harguindey Banet

Elenco

Carol Rufián García, Celeste Cortés Davila, Fernando Huelin Trillo, Fons De Groot Schipper, Francisco Pernas Lorenzo, Jesús A. Gutiérrez Santiago, Joan Manel García, Mabel Fernández Comesaña, Mayka Freire Dapena, Ramón Pastoriza Fariña, Suso Riveiro Bello e Xaime Domínguez Iglesias

Vestuario: Sonia Rúa

Imaxe: Diego Seixo

Música: Pablo Costas

Codirección: Omar Ferrín

Iluminación e dirección: Salvador del Río

Sinopse

Tartufo é unha das comedias máis representativas de Molière, na que o autor francés desata unha crítica furibunda da hipocrisía da sociedade da súa época.

Tartufo, habilmente disfrazado de honradez e virtude, utiliza a aparencia externa da piedade para introducirse nun apracible fogar burgués e gañarse a confianza do beato cabeza de familia Orgón.

Baixo a súa máscara virtuosa, Tartufo maquina para colmar a súa ambición, envolvendo toda a familia nunha trama de enredos e enganos.



Xoves 23 de abril, ás 20.30 h

CITAC, TEUC, Secção fado AAC, Direção Geral AAC. Portugal

Perpétuo Paredes

De Zé Paredes con fragmentos poéticos de Ana Nogueira, António José Forte, Edmundo Bettencourt e Fernando Pessoa

Elenco

Ana Nogueira, Bruna Marques, Catarina Durão, João Pedro Schwingel Carada, Jorgette Dumby, Maria Antónia Torres, Maria Luísa Forjaz e Veronica Zanon

Música: Hugo Gambóias e Diogo Passos

Músicos: Carlos, Artur e Gonçalo Paredes

Sonoplastia: Diogo Lobo e Guilherme Correia

Composición *Mudar de Vida*: Ibán Pérez

Deseño de luz: Diogo Lobo

Deseño da carriola: Maria Forjaz

Construción da carriola: Rui Paulo Murta e Valdemar Monteiro

Figurinos e accesorios: Ândria do Ó

Montaxe: Diogo Lobo e Zé Diogo

Deseño gráfico e ilustracións: Margarida Monteiro e Maria Antónia Torres

Fotografía: Teresa Martins

Vídeo: Zhang Qinzhe, MOOV


Produción: CITAC, TEUC, DG/AAC

Produción executiva: CITAC

Dirección: Zé Paredes

Sinopse

Quen era? Esta é a pregunta que pon en marcha unha máquina teatral composta por oito intérpretes e dous músicos sobre a vida e obra dun guitarrista singular: Carlos Paredes. *Perpétuo Paredes* é unha viaxe emocional sobre as raíces e os soños que se atopan detrás de cada nota musical.



Martes 28 de abril, ás 20.30 h

Aula de Teatro do Campus de Vigo, UVigo. Galicia

Macbett

De Eugène Ionesco

Traducido por Henrique Harguindey

Elenco

Antía Pérez, Antón Abal, Azael Durán, Cecilia Jiménez, Juan Diego Comesaña, Laura Pousada, Lidia Gutiérrez, Lola Matamoro, Lucas Campos, Manon Choquart, Miguel Rodríguez, Rosa María Molares, Uxía Fernández e Yerai Orts

Vestuario: Sonia Rúa

Escenografía: Ningures

Música: Miguel R. Carretero e Héctor Pazos

Iluminación: Héctor Pazos

Imaxe: Diego Seixo

Axudante de Dirección: Sonia Salgado

Dirección: Casilda Alfaro e Sonia Rúa

Sinopse

Macbett de Eugène Ionesco é unha traxicomedia inspirada en Shakespeare, que satiriza o poder absoluto e a tiranía a través do absurdo. Nesta versión, Macbett e Banco son xenerais traizoeros que derrocan un rei tiránico, só para que Macbett se converta nun ditador aínda máis brutal e corrupto, caendo en espiral nun asasinato sen sentido.

A obra combina elementos da trama orixinal de Macbeth co estilo de Ubú Rei de Alfred Jarry, amosando a ambición insaciable, a traizón e a tiranía.



Mércores 29 de abril, ás 20.30 h

Aula de Teatro do Campus de Ourense. Grupo Maricastaña 2026, UVigo. Galicia

Insurrección

Dramaturxia de Fernando Dacosta

Inspirada en Rebelión na granxa, de George Orwell

Elenco

Iria Losada, Diego Galdo, Vicki Reinoso, Paula Iglesias, Anabel, Miguel Solanas, Alba Gálvez, Óscar Castromán, Rubén Gómez, Carmen Blanco e Silvia Cortón

Iluminación, atrezzo e técnicos en xira:

José Manuel Bayón, Rubén Dobaño

Vestuario e complementos: Tegra e Lele

Cartel e programa: Pablo Otero

Espazo sonoro: Renata Codda Fons

Canción final «A do faro»: Lucía Aldao

Auxiliar de dirección: Chelo Cortiñas

Dramaturxia, escenografía e dirección:

Fernando Dacosta

Sinopse

Estase a librar a nai das batallas. Non é a primeira vez na historia, aínda que algunha das veces pode ser a derradeira. A loita é, a grandes trazos, entre a utopía e a distopía.

Un grupo de persoas traballadoras está a ser oprimido polo seu xefe. A conciencia vai aflorando nese grupo ata que estoura a insurrección e conseguen facerse co control dos seus medios de traballo e de subsistencia. E haberá algunha posibilidade, nalgún momento, de facer unha nova insurrección?